



CONVOCATORIA

ORDE DO DÍA

AO DORSO E NUNHA FOLLA ANEXA.

Pola presente convócase a vostede á **sesión ordinaria** da **Corporación Municipal de Sanxenxo** que se realizará no salón de actos da casa consistorial en Sanxenxo, ás **20:30 horas** do día **30 de setembro de 2019 (luns)**.

Até a realización da sesión poderá vostede examinar os antecedentes no salón de sesións, relacionada ca orde do día que figura no dorso da presente e nunha folla anexa.

Lémbрасelle a obriga da asistencia, de non existir causa xustificada que llo impida, que coa antelación suficiente deberá comunicar á presidencia, co fin de evitar a sanción na que noutro caso podería incorrer segundo o artigo 18 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Prégase puntual asistencia.

O alcalde, Telmo Martín González (asinado dixitalmente).

D/Dª





ORDE DO DÍA:

A) ACTA ANTERIOR:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA O DÍA 29 DE XULLO DE 2019.

B) PARTE DISPOSITIVA:

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE A RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS NO CONVENIO ASINADO COA EMPRESA ESTATAL "ACUAES" PARA A MELLORA DO SUBMINISTRO DE AUGA NOS CONCELLOS DA RÍA DE PONTEVEDRA", SEGUNDO ACORDO PLENARIO DO 28/01/19.

3º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2018.

4º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS (BENS INMOBLES E VIAIS MUNICIPAIS).

5º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO COMO TERRITORIO DE PREFERENTE ACTUACIÓN TURÍSTICA.

6º) PROPOSICIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE SANXENXO PARA MODIFICACIÓN DO NOME DA RÚA PROGRESO E DA TRAVESÍA PROGRESO DA VILA DE PORTONOVO.

7º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.

8º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS.

9º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

10º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU QUE ENTENDAN O CONCELLO OU AS AUTORIDADES LOCAIS, A INSTANCIA DE PARTE.

11º) PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO.

12º) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.





B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

13º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE FIXACIÓN DAS DATAS DE CELEBRACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

14º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 01/08/19 (R. DE ENTRADA NÚM. 2019008140 DO 02/08/19), ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

15º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 01/08/19 (R. DE ENTRADA NÚM. 2019008142 DO 02/08/19), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 30/07/19 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

16º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 01/08/19 (R. DE ENTRADA NÚM. 2019008144 DO 02/08/19), ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

17º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 01/08/19 (R. DE ENTRADA NÚM. 2019008146 DO 02/08/19), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 30/07/19 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CALCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES, REFERIDO AO 2º TRIMESTRE DE 2019.

18º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN XERAL, DE DATA 12/09/19 (R. DE ENTRADA NÚM. 2019009476), COMUNICANDO QUE CON DATA DO 12/09/19 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO PARA O ANO 2020.

19º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 22 DE MAIO AO 28 DE XUÑO DE 2019 (DE RES. Nº 1131/19 A RES. Nº 1640/19).

20º) ROGOS E PREGUNTAS

